

### 3. Traballar no exterior

#### 3.2. Outros organismos internacionais

A Escola Diplomática, creada en 1942, é un centro de estudos superiores dependente da Subsecretaría do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación que ten entre os seus cometidos

- A formación de candidatos na carreira diplomática.
- A preparación de aspirantes a función pública internacional.
- A formación continua dos funcionarios diplomáticos.
- A formación de especialistas en relacións internacionais, política exterior e cooperación ao desenvolvemento a través de cursos e seminarios dirixidos a posgraus universitarios así como a diplomáticos doutros países.
- A formación de funcionarios que van prestar os seus servizos en embaixadas ou consulados en materias relativas ao servizo exterior
- A realización de programas de investigación no eido dos estudos internacionais.

## DIPLOMACIA NACIONAL ESCOLA DIPLOMATICA

### Requisitos

**Acceso a Carreira Diplomática:** A Carreira Diplomática accedese en España por oposición, convocada anualmente polo Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación. Os candidatos teñen que ser españois, maiores de idade e estar en posesión dun título universitario de licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou graduado. Actualmente, o proceso selectivo consta de dúas fases: a primeira, a de oposición, está formada por varios exercicios, escritos e orales, sobre cultura xeral (baseada no temario), idiomas, comentario de texto e entrevista personal, e exame sobre o temario, que inclúe contidos sobre Organizacións Internacionais; Unión Europea; Economía xeral, internacional, española, e da Unión Europea; Cooperación para o Desenvolvemento; Socioloxía; Historia; Relacións Internacionais e Política Exterior.

A segunda fase consiste nun curso selectivo para os funcionarios en prácticas que superaran a primeira fase.

**Mestría en Diplomacia e Relacións Internacionais:**

A Mestría en Diplomacia e Relacións Internacionais responde a necesidade de formación de analistas e especialistas en relacións internacionais, así como das novas xeracións de funcionarios da Carreira Diplomática e do servizo exterior español. De igual maneira, a mestría é util como preparación ao ingreso na Carreira, xa que o programa representa arredor do 65% dos temas esixidos na oposición.

**Cursos sobre relacións internacionais:** Impartense os seguintes cursos: Dereitos Humanos; Unión Europea; Islam; Capacitación para observadores electorais internacionais; Xudaísmo; Cooperación ao desenvolvemento...